

Resolución do 22 de outubro do 2025 da Comisión avaliadora do proceso de selección para varios postos de persoal directivo profesional da estrutura directiva da entidade, pola que se fan públicas as puntuacións definitivas obtidas polas persoas aspirantes.

Unha vez rematado o prazo de alegacións concedido pola Resolución desta Comisión Avaliadora de data 15 de outubro, polo que se procedía á publicación das listaxes provisionais de puntuación, e de conformidade co establecido na base 5 das que rexen o proceso selectivo convocado pola Resolución da Directora Xeral da CSAG do 11 de setembro de 2025 esta Comisión RESOLVE:

Primeiro.- Desestimar na súa integridade as alegacións presentadas polas persoas aspirantes e manter as puntuacións asignadas nas listaxes provisionais.

Segundo.- Publicar as puntuacións definitivas do proceso de selección para varios postos de persoal directivo profesional da estrutura orgánica da entidade, que figuran como Anexo I.

Lucía Baleato Noya, aspirante para o posto da Xefatura do Servizo de Produción de Informativos, presentou a súa renuncia á participación no proceso, polo que resulta excluída dos seguintes trámites.

Terceiro.- Vistas as puntuacións acadadas esta Comisión de Valoración non realiza ningunha proposta de nomeamento.

Cuarto.- Contra a presente resolución as persoas aspirantes poderán presentar recurso de alzada ante a Dirección Xeral da Corporación, no prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución na páxina web da CSAG, consonte co establecido nos artigos 112, 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

San Marcos, 22 de outubro do 2025,

Rosa María Vilas Núñez

Presidenta da Comisión de Selección



Anexo I

Puntuacións definitivas das persoas aspirantes por perfil (sobre 100 puntos)

Xefatura de Servizo de Producción de Informativos

Nome	DNI	Puntuación provisional
Ávila Fraga, Noa	***9817**	38
Avilés Alcalde, Sara	***8723**	47
Ayán Vilar, Rayko	***8671**	52
Barreal Pernas, Laura	***3832**	48

Xefatura de Servizo de Redacción Multimedia

Nome	DNI	Puntuación provisional
Dapia Freitas, María	***3238**	51
Peón Alvilares, Santiago	***1226**	38
Pérez-Lirón Martínez, Jacobo	***8849**	56
Romero Rañó, Pablo	***8334**	48
Seijo Vigo, Laura	***0797**	59